

ÁMBITO

Localidade	Cervo-Burela
Comarca	A Mariña
Lugar de realización	Bar Figueirido (Cervo)

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	10
Nº de non militantes asistentes	2
Nº de militantes convocad@s	Toda a militancia

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local	Xoán Estúa
Representante do Consello Nacional	Roberto Bouça Orosa

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	1:30 min.
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Charla-café

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

O Encontro Aberto transcorreu con normalidade e nun clima distendido e de cordialidade. As persoas asistentes foron moi participativas.

Valórase positivamente a realización deste encontro.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

Con carácter xeral:

- O BNG non está no camiño equivocado, aínda que fallan as formas. Trátase dun problema de márketing.
- O discurso non serve para as cidades. Hai que mudar a política de comunicación. Hai que ilusionar á xente nova.
- Hai que mirar alén das citas electorais.

Radiografía da Galiza de hoxe

- A crise económica tivo repercusión nas organizacións políticas clásicas. Os movementos sociais centrados en Madrid tamén tiveron eco na Galiza e o nacionalismo non soubo xestionar ese tema. Na necesidade de recolocármonos non acabamos de situarnos socialmente.
- Paralelamente, co "cisma de Amio" houbo unha organización que renunciou ao principio de autoorganización e optou por confluír con forzas estatais, mentres que a outra opción saída de Amio tampouco tivo apoio social.

Estratexia política do nacionalismo galego

- O proxecto nacionalista é preciso. O BNG é unha ferramenta útil e hai que aproveitala.

Participación política e modelo organizativo

- A creación dun partido político nacionalista é contraditoria coa refundación. Mudar o nome da organización sería negativo.
- Como organizarse no futuro? É un proceso complicado que precisa tempo. Depende tamén do que pase fóra do BNG. Débese manter a marca BNG.
- O modelo de partido pecha moito máis a incorporación de xente nova. O modelo frontista é moito mellor porque é democrático e exemplar. Hoxe por hoxe o BNG ten o funcionamento máis democrático.
- A reorganización do nacionalismo galego vai ser problemática por custións persoais. Hai actuar con xenerosidade e facer xestos por parte de todos e todas. A curto prazo non parece doado, polo que hai que dar pasos a través de coalicións tácticas, mais sendo conscientes de que outras fórmulas non funcionaron.
- O BNG é a ferramenta útil. A marca non é imprescindible, mais é importante e costa moito crear unha marca nova.